

O PSOE das Nogais asegura que o Concello e a Xunta cometeron "graves irregularidades" na mellora do contorno do castelo de Torés

O grupo municipal socialista preguntará por este asunto no Pleno que a corporación celebrará mañá co obxectivo de coñecer os motivos polos que a administración autonómica permitiu que a entidade local realizase distintas actuacións que atentan contra o patrimonio medioambiental, paisaxístico e arquitectónico da fortaleza medieval

Fe Álvarez asegura que o Concello vulnerou claramente o plan de prevención de riscos laborais ó non ter en conta as alturas, ó non sinalizar a zona e ó instalar uns ferros cos que pode tropezar calquera persoa, provocando un dano que pode ser irreparable

Critica que Patrimonio autorizase botar aglomerado en quente na praza situada entre a igrexa e o Castelo, xa que "calquera se dá conta de que isto supón un ataque contra esta fortaleza, que é un dos principais reclamos turísticos das Nogais"

Tendo en conta que a obra segue sen rematar, malia que a brigada municipal "tamén botou varios días para facer estes traballos", os socialistas tamén preguntarán ó Rexedor se ten pensado finalizar "esta desfeita", que foi realizada grazas ós obradoiros de emprego que concede a Xunta de Galicia

O PSdeG-PSOE das Nogais asegura que o Concello cometeu "graves irregularidades" á hora de acondicionar o contorno do castelo de Torés. Deste xeito, a voceira municipal socialista, Fe Álvarez Sánchez, preguntará por este asunto no Pleno que a corporación celebrará mañá venres. A finalidade, subliña a voceira do PSOE neste municipio, é coñecer os motivos polos que a entidade local levou a cabo certas prácticas que atentan contra a seguridade das persoas e por que a Xunta de Galicia permitiu estas actuacións que tamén supoñen "un ataque" contra o patrimonio medioambiental, paisaxístico e arquitectónico da fortaleza medieval.

A administración autonómica concedeu a este Concello o pasado ano un obradoiro de emprego para acometer a mellora deste espazo. Tal e como asegura Fe Álvarez "o problema veu cando se comezaron a facer as obras, pois moito do que fixeron supón un grave risco para as persoas que se acheguen ata este espazo, pois calquera pode tropezar coas pedras soltas que deixaron e espetarse contra elas". Deste xeito, a socialista destaca que o Concello vulnerou claramente o plan de prevención de riscos laborais, xa que, ademais, "tampouco existe sinalización. Non me quero imaxinar o que pode pasar se unha persoa maior visita esta zona e cae. O dano pode ser irreparable".

Aglomerado en quente xunto do castelo

Así mesmo, Fe Álvarez critica que a Xunta de Galicia, concretamente a Consellería de Patrimonio, autorizase botar aglomerado en quente na praza situada entre a igrexa parroquial e o castelo. "Non podemos entender como o departamento encargado de preservar o patrimonio galego dá o visto bo a esta actuación. Calquera persoa se dá conta de que isto atenta claramente contra o contorno medioambiental e arquitectónico desta fortaleza, que data do século XV, e que está nunha zona BIC. Chama a atención porque cando un promotor privado, que precise facer algo co permiso de Patrimonio, ten que cumprir requisitos moi estritos", concluíu a socialista.

É dicir, "desfíxose o que había feito. É certo que non era unha praza bonita, pero con tantas necesidades que temos non é prioritario empezar por desfacer o que xa está. Ademais, nunha reunión veciñal co Alcalde plantexáronse opcións alternativas, pero non quixeron escoitar a nadie, cando todos sabemos que calquer obra pode ter solucións arquitectónicas diversas". Neste senso, a voceira

municipal sospeita que "se desfixo a praza e se volveu facer porque alguén tiña interés en que se gastarán materiais de obra".

Ademais, o novo espazo público presenta diferentes alturas, moitas delas cerca dun metro e outras de máis. Neste caso, tampouco conta con vallas protectoras e varias varillas de ferro quedaron ó descuberto sen ningún elemento de protección. Así mesmo, a socialista tamén descoñece que foi o que fixo o Concello cos residuos da demolición da praza existente, porque "non nos consta que fosen levados a ningún centro de xestión autorizado".

Así mesmo, subliña que se limpou o castelo, quitándolle a hedra das paredes, co cal, "agora que vén o mal tempo", presenta un grave risco de desprendementos, e non hai ningún indicador que prohiba o paso, nin tan sequera que advirta do perigo, destacou a socialista.

O Alcalde non foi quen de rematar a obra

A voceira municipal lamenta así que o Alcalde xestionase deste xeito os fondos públicos recibidos, pois "son cartos que pagamos todos e que deberían de ser empregados correctamente sen atacar a un dos reclamos turísticos máis importantes das Nogais". A este respecto, criticou que, malia que a brigada municipal "tamén botou varios días para facer estes traballos, a obra segue sen rematar". Neste senso, incide en que "cremos que é de xustiza que se nos diga se teñen pensado finalizar esta actuación. Por iso, o PSOE tamén lle preguntará ó Alcalde se este ano recibiu un novo obradoiro da Xunta. Se fose así, esixirémolles que nos explique a que será destinado e cando pretende rematar a desfeita que fixeron co do ano anterior, xa que estamos a falar de que está en perigo a vida das persoas. Isto non é unha cuestión menor, todo o contrario. Os socialistas non podemos permitir que algún dos nosos veciños corran o risco de ter un accidente por culpa de como o Concello e a Xunta fixeron as cousas".

PARA DECLARACIÓNS, CONTACTAR COA VOCEIRA MUNICIPAL SOCIALISTA, FE ÁLVAREZ: 696.14.44.29

7 de novembro de 2013

**Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo**